



COSTA DE CERVO

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 15 km (lineal)
Dificultade: media

O concello de Cervo está situado na Mariña de Lugo, á beira do mar Cantábrico, no tramo coñecido como Arco Cantábrico. Unha liña case recta de cantís graníticos que entran no mar con formas alombadas e/ou acasteladas, segundo as liñas de fractura activadas pola erosión, e seos nos que se amorean grandes bolos; só interrompidos pola saída ao mar dos ríos Xunco e Covo –ría do Lieiro-, e o cabo de San Cibrao arredor dos que se atopan as praias da contorna.

As principais actividades son a pesca, a industria (destaca a presenza das fábricas de Sargadelos e Alúmina-Alumnio), os servizos, a agrogandaría e as explotacións forestais.

Unha pequena parte do litoral está protexida:

-LIC “Costa da Mariña Occidental”: Illotes Farallóns e fondos mariño da contorna.

-ZEPA “Costa da Mariña Occidental”: desde a punta Vairramo ata o linde con Xove, agás a zona interior dos peiraos da Alúmina.

Percorrer a costa de Cervo pola beira non é doado pola falta de camiños e polo abandono dos poucos que existen, pero pódese seguir a tramos polos carreiros dos pescadores, uns carreiros cada día menos transitados que están a un nada de desaparecer engulidos polo desenvolvemento dos toxos.



Praia do torno e vila de San Cibrao



Cantís en Fonte Corval



PERCORRIDO:

Percorrer a costa de Cervo pola beira non é doado pola falta de camiños e polo abandono dos poucos que existen, pero pódese seguir a tramos polos carreiros dos pescadores, uns carreiros cada día menos transitados que están a un nada de desaparecer engulidos polo desenvolvemento dos toxos. Comezando no linde co concello de Burela temos un camiño que sae da beirarrúa (que acompaña á estrada ata o acceso á praia da Rueta) para achegarse á beira do mar pero que logo volve a ela, do que se nos fixamos sae, un pouco antes de chegar á estrada, un carreiro que segue pola beira do mar ata o **Puntal** e a beira da **Furada Vella**, para volver logo un pouco atrás en paralelo coa vía do tren para cruzala e subir á estrada, aínda que tamén hai a opción de camiñar un anaco pola beira da vía do tren e baixar de novo á liña da costa para seguila uns 250 m máis; nese punto hai que subir e cruzar a vía para incorporarse ao roteiro dos Camiños do Cantábrico, porque non é posible continuar camiñando pola beira do mar e a vía logo entra nunha gabia; a maiores estamos chegando á desembocadura do **río Xunco** onde temos que decidir se cruzalo pola ponte do tren ou dar o rodeo pola cruzalo pola ponte da estrada para ir á **praia da Rueta**. Da praia da Rueta en diante a cousa segue igual: carreiro comesto polos toxos que podemos seguir ata a altura das Irmáns e volver á estrada por un camiño case esquecido e seguir pola beira da mesma, que conta cunha berma ampla e excluída do tráfico, ata chegar ao pé do peche da piscifactoría onde atopamos outro camiño, logo carreiro e toxos, para ir ás **puntas Somonte e Cagarrosa** e volver para rodear a **enseada do Coído** e ir ata a **punta de Susprados** e outra volta atrás para coller un camiño que vai preto do valado da piscifactoría cara á estrada e nel o primeiro desvío á dereita que sube cara á pista que vai aos xeradores eólicos e nela á esquerda para baixar a un aparcamento no polígono industrial e dirixirnos á estrada. Ao pouco de entrar na estrada, e uns pasos adiante de onde remata a beirarrúa, temos á dereita un camiño medio abandonado polo que imos ao **Portelo**, e desde alí rodeando a punta polas pedras xa entramos na zona urbana de **San Cibrao** e temos camiños axeitados para percorrer a contorna da vila, achegarnos ao **faro** desde onde temos panorámicas de toda a costa, da ría, do **illote Anxuela**, co seu valado que serve de dique de abrigo á boca da ría e ás embarcacións, e **os Farallóns**; e continuar a ruta para achegarnos, pola beira do esteiro, á ponte medieval e continuar pola outra beira da ría, e pola beira do mar ata onde o permiten as instalacións da factoría de alúmina. Do outro lado da factoría queda un curto tramo de litoral que acolle a **praia de Paraños** ao que só se pode acceder desde Lago (Xove) e coa marea baixa.



Fonte Corval




Pena Grande



Pena Grande



A Areosa



Pena dos Corvos



O Campanario



O Puntal



Furada Vella



Os Castro da Rueta



Enseada da Rueta



Desembocadura do río Xunco



RÍO XUNCO

Nace no Pico de Madriñán, entre a serra dos Cabaleiros e os montes de Buio en Rúa (Cervo) e desemboca na enseada da Rueta, no Cantábrico. Un roteiro percorre o río desde San Cibrao ata Sargadelos onde está o paseo dos Namorados.



Praia da Rueta, na desembocadura do río Xunco



Praia da Rueta



A Cabaleta



Punta Rueta



O Fornelo




Punta Mintiña



O Regazo e Punta Mintiña



O Regazo



As Irmáns



Enseada de Galeiro



A Cagarrosa



Punta Somonte



Enseada do Coído. Conta unha lenda que á enseada de Coído en San Cibrao achégase cada sete anos a poñer os seus ovos unha serpe mariña xigante que mide arredor de trinta metros.



Punta de Susprados



Punta de Vairramo.
Vista cara a San Cibrao.



O Portelo



A Caosa





A Caosa



Laxe de Rego e restos dunha cetárea



Restos dun antigo almacén de salga



Praia de Cubelos



Cabo de San Cibrao e illote Corveiro



Cabo de San Cibrao

Faro da Atalaia, no cabo San Cibrao. A torre antiga foi construída en 1860 e a nova en 1979 (comezou a funcionar en 1983) polo aumento de tráfico marítimo debido á instalación da factoría de alúmina-aluminio.



Vista desde o miradoiro do cabo de San Cibrao. No centro a illa Anxuela e ao fondo a factoría de alúmina-aluminio



San Cibrao



Museo do mar de San Cibrao



Illa Anxuela



Os Farallóns



Os Farallóns, formado polas illas Baixa, Sombriza e Pé.

LIC e ZEPA: COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL
Espazo nos concellos de Cervo, O Vicedo, Viveiro e Xove. Inclúe as illas Farallóns de Cervo. É unha costa moi variada con cantís abruptos, enseadas, esteiros, praias, illas e rías.
O espazo ten un grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico. Podense atopar ecosistemas mariños areosos e rochosos, cantís, dunas e esteiros cunha grande diversidade de flora e fauna.
Os illotes acollen importantes colonias de aves nidificantes, ás que hai que engadir un gran número de aves mariñas nas épocas de paso (carráns, mascatos, corvos mariños...).

Gaiivotóns, visitantes invernales e de paso nesta zona






Praia e vila de San Cibrao. A parte antiga da poboación está asentada sobre unha península unida á terra por un istmo areoso formado polas praias de O Torno e Cubelas.



Praia do Torno



A Maruxaina é unha serea da Mariña de Lugo que atrae aos homes cos seus cantos e berros facendo que naufraguen nos Farallóns. Outra lenda conta que é unha serea ou Afogada (metade peixe, metade muller) que berra para avisar aos mariñeiros dun posible naufraxio. Vive nas covas dos Farallóns, debaixo do illote da Sombriza. En San Cibrán celébrase unha festa para conmemorar o día en que os mariñeiros prenderon e queimaron á Maruxaina.



Ponte medieval en Lieiro

RÍO COVO

Baixa desde o monte Pau da Vella (Serra do Buio) e discorre facendo linde entre os concellos de Cervo e Xove ata case a desembocadura. Desauga na ría de Lieiro, ao pé de San Cibrao. As súas augas están encoradas para fornecer a factoría de Alúmina-aluminio de San Cibrao.



Ria de Lieiro



Saída ao mar do rio Covo na ria de Lieiro



Restos dun serradoiro e un almacén da salga na ria de Lieiro



Punta do Torno



Area Pequena




Punta Basogueira



Porto e factoría de alúmina-aluminio, inaugurada en 1980. Ocupa máis de dous millóns de metros cadrados de superficie.



Praia da Limosa



Punta Furada



Praia de Paraños